



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 142
21 de maio de 2021



CSV: BOPGDSPGwNFw46ZwH3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación (11/PPL-000004)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15978)

[56392](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 15990)

[56398](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 15602 (11/MOC-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8259, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

[56384](#)

■ 15615 (11/MOC-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 12718, publicada no BOPG nº 115, do 24.03.2021 e debatida na sesión plenaria celebrada o 27.04.2021)

[56385](#)

■ 15659 (11/MOC-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3279, publicada no BOPG nº 30, do 14.10.2020, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

[56385](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 14661 (11/PNP-001445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública. (Procedemento de urxencia) [56385](#)

Aprobación con modificacións

I 10805 (11/PNP-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol [56386](#)

I 2224 (11/PNP-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Para unha canle Xabarán Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego [56386](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 13710 (11/PNP-001344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e oito deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia [56387](#)

I 13980 (11/PNP-001373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes [56387](#)

I 14584 (11/PNP-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia [56388](#)



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Retirada iniciativa en comisión

I 5317 (11/PNC-000634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da aprobación do decreto do concerto social

[56388](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 2672 (11/PNC-000287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego das competencias que lle corresponden en materia de sanidade e a iniciación do proceso de xestión e financiamento íntegro da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra

[56388](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 2479 (11/PNC-000260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes nos centros sanitarios dependentes da Consellería de Sanidade

[56389](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 14614 (11/PNC-001495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, os riscos laborais e as retribucións das traballadoras do ámbito sanitario durante o período de lactación

[56389](#)

I 14771 (11/PNC-001521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a incorporación polo Goberno galego das persoas coidadoras de dependentes nos seus fogares como colectivo prioritario no plan de vacinación fronte á covid-19

[56390](#)



1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

■ Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 12 de maio de 2021, sobre a situación do pobo palestino [56390](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio [56391](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación (11/PPL-000004)

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 20 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación (11/PPL-000004)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15978)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 15990)

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 15602 (11/MOC-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8259, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

BOPG nº 134, do 05.05.2021



Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 15615 (11/MOC-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 12718, publicada no BOPG nº 115, do 24.03.2021 e debatida na sesión plenaria celebrada o 27.04.2021)

BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 15659 (11/MOC-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3279, publicada no BOPG nº 30, do 14.10.2020, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 36 votos en contra e 13 abstencións.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 14661 (11/PNP-001445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 42 votos a favor, 13 votos en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que proceda a unha adecuación da lexislación orgánica en materia de saúde pública que lle achegue maior detalle e concreción, de cara a proporcionar ás autoridades sanitarias competentes o mellor marco xurídico posible para afrontar as situacións presentes e futuras de risco grave para a



saúde pública, tal e como o propio Goberno se tiña comprometido a facer e como lle reclamaron tanto a Comisión para a Reconstrución Social e Económica creada no Congreso dos Deputados como o Consello de Estado.

2. Que, namentres non conclúa ese comprometido proceso de actualización e desenvolvemento da lexislación orgánica en materia de saúde pública, desista de solicitar a suspensión da normativa legal aprobada polos distintos órganos lexislativos autonómicos para facer fronte, de acordo cos principios constitucionais de eficacia administrativa e seguridade xurídica, ás necesidades a que se enfrontan as autoridades sanitarias competentes e para as que a actual lexislación orgánica resulta insuficiente.»

Aprobación con modificacións

- 10805 (11/PNP-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol BOPG nº 101, do 24.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande de todas as administracións públicas, especialmente do Goberno de España, a sinatura dun pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas da comarca, protexa o emprego e a industria e garanta un futuro para Ferrol, Eume e Ortegal.

2. Exixir do Goberno do Estado a encarga aos estaleiros de Navantia en Ferrol da construción dun BAM (buque de acción marítima) para a Armada española, que permita dotar de carga de traballo inmediata a ría de Ferrol, tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.»

- 2224 (11/PNP-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego

BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º. Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que conten ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2º. Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.

3º. Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescripcións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

4º. Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.»

Rexeitamento da iniciativa

- 13710 (11/PNP-001344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e oito deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia

BOPG nº 121, do 07.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 13980 (11/PNP-001373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes
BOPG nº 123, do 13.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.

- 14584 (11/PNP-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia
BOPG nº 130, do 28.04.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 13 votos a favor, 42 en contra e 19 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 20 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 5317 (11/PNC-000634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da aprobación do decreto do concerto social

BOPG nº 52, do 25.11.2020

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 2672 (11/PNC-000287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego das competencias que lle corresponden en materia de sanidade e a iniciación do proceso de xestión e financiamento íntegro da Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra

BOPG nº 27, do 07.10.2020



Sométese a votación a emenda do G. P. Popular de Galicia doc. núm. 16319 e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, en concreto os relativos á Unidade de Atención á Drogodependencia de Pontevedra, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a Administración autonómica.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 2479 (11/PNC-000260)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir os dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes nos centros sanitarios dependentes da Consellería de Sanidade BOPG nº 23, do 30.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta a:

1. Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética, cartelaría, documentación interna e na relación cos doentes.
2. Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lles teña que facilitar aos doentes ou que teñan que asinar.
3. Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que os profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender os doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten.»

Rexeitamento da iniciativa

- 14614 (11/PNC-001495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación, os riscos laborais e as retribucións das traballadoras do ámbito sanitario durante o período de lactación BOPG nº 130, do 28.04.2021



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 14771 (11/PNC-001521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a incorporación polo Goberno galego das persoas coidadoras de dependentes nos seus fogares como colectivo prioritario no plan de vacinación fronte á covid-19

BOPG nº 134, do 05.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 12 de maio de 2021, sobre a situación do pobo palestino

O Pleno da Cámara, na sesión do día 11 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo:

«Declaración institucional sobre a situación do pobo palestino

Co gallo do aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino, que se celebra o 15 de maio, o Parlamento de Galicia reclama da comunidade internacional que esixa a Israel:

- O cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.
- O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.
- O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.
- O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas das que foron expulsadas.

Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienables da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana.

O Parlamento de Galicia non escatimará esforzos en contribuír desde Galicia a construír unha orde internacional xusta co amparo da legalidade internacional, un mundo en que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.»

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do segundo exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 9 de decembro de 2020 (*BOPG* número 65, do 21.12.2020) e do 22 de xaneiro de 2021 (*BOPG* número 82, do 26.01.2021), para cualificar o proceso selectivo por quenda libre de dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, (*DOG* núm. 94 do 20.05.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.2. que o segundo exercicio terá lugar o sábado, día 5 de xuño de 2021, en dependencias da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, situado na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 11.00 horas.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Así mesmo, lémbrese que as normas sanitarias para a prevención da transmisión da covid-19 ditas con ocasión do primeiro exercicio seguen vixentes.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2021

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do Tribunal



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE
MODIFICA O DECRETO LEGISLATIVO 2/2015 DO 12 DE FEBREIRO, POLO
QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓN LEGAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE IGUALDADE,
PARA GARANTIR A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES NO
ÁMBITO UNIVERSITARIO GALEGO (NUM. EXPE. 11/PPL-000004).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

No punto 1, onde di: "... no ámbito da universidade e da investigación ..." debe dicir: "... no ámbito da universidade, da investigación e da transferencia do coñecemento ..."

Emenda nº2, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 1

Propónse unha nova redacción para a letra a) do punto 1) deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas universidades galegas."

Emenda nº3, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 1

Na letra b) do punto 1 deste artigo, onde di: "... e promoverase que nos proxectos de investigación dos que se poidan extraer resultados para as persoas se teña en conta a perspectiva de xénero.", debe dicir: "... e garantirase que nos proxectos de investigación e de transferencia do coñecemento dos que se poidan extraer resultados para as persoas se teña en conta a perspectiva de xénero."

Emenda nº4, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 1



No punto 1, deste artigo, letra b), débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Así mesmo, garantírase que en todas as fases dos proxectos de investigación se incorpore unha análise de xénero ou sexo."

Emenda nº5, ao apartado 1.b) bis), de Adición. Artigo 1

Débese engadir unha nova letra b) bis, que terá o seguinte contido:

"b) bis. Fomento de especialización de posgrao e doutoramento en estudos de xénero."

Emenda nº6, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 1

Na letra c) do punto 1, deste artigo, débese engadir *ab initio* o seguinte: "Garantírase a ..."

Emenda nº7, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 1

Débese engadir *in fine* na letra d) o seguinte texto:

"... , de acordo co disposto no artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 9.2 da Constitución española."

Emenda nº8, ao apartado 1.f) bis), de Adición. Artigo 1

Débese engadir unha nova letra f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis. Desenvolver medidas de apoio específicas para a mocidade investigadora."

Emenda nº9, ao apartado 1.f) ter), de Adición. Artigo 1



Débase crear unha nova letra f) ter, que terá o seguinte contido:

"f) ter. Apoiar e propiciar a creación de asociacións, programas, institutos ou seminarios que agrupen mulleres investigadoras."

Emenda nº10, ao apartado 2.a) bis), de Adición. Artigo 1

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra a) bis, que terá o seguinte contido:

"a) bis. Incorporar a perspectiva de xénero nas disciplinas e áreas do coñecemento, mediante a docencia e a investigación sobre o alcance e significado da igualdade entre mulleres e homes."

Emenda nº11, ao apartado 2.a) ter), de Adición. Artigo 1

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra a) ter, que terá o seguinte contido:

"a) ter. Incorporar propostas curriculares en materia de perspectiva de xénero e da igualdade."

Emenda nº12, ao apartado 2.a) quater), de Adición. Artigo 1

No punto 2 deste artigo débese engadir unha nova letra a) quater, que terá o seguinte contido:

"a) quater. Garantir o acceso á ensinanza universitaria e á investigación de mulleres con diversidade funcional e o fomento das novas tecnoloxías que faciliten a súa integración."

Emenda nº13, ao apartado 2.b), de Modificación. Artigo 1

Propónse unha nova redacción para a letra b) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:





"b) Garantir a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións, nas comisións de selección e avaliación e nos comités de persoas expertas. Esta participación equilibrada supón que as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexa menos do corenta por cento, tal e como define a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo."

Emenda nº14, ao apartado 2.c), de Modificación. Artigo 1

Proponse unha nova redacción para a letra c) do punto 2, deste artigo, que terá o seguinte contido:

"c) Diseñar métodos de avaliación da calidade científica e académica que incorporen a perspectiva de xénero e garantan a non discriminación por razón de sexo ou xénero."

Emenda nº15, ao apartado 2.f), de Adición. Artigo 1

Na letra f) do punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase: "... ou por razóns de violencia de xénero."

Emenda nº16, ao apartado 2.h), de Modificación. Artigo 1

Proponse unha nova redacción para a letra h) do punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"h) Dotarse de protocolos e establecer medidas de cooperación interinstitucional para a detección precoz da violencia de xénero e de apoio ante calquera das formas de violencia definidas na lexislación galega."

Emenda nº17, ao apartado 2.h) bis), de Adición. Artigo 1

Débese engadir unha nova letra h) bis, no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

h) bis. Incluír na súa estrutura institucional as unidades de igualdade como responsables dos principais instrumentos de





planificación estratéxica e de prevención e resposta á violencia de xénero e dotalas cos medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo o seu fin."

Emenda nº18, ao apartado a) bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra a) bis, que terá o seguinte contido:

"a) bis. Os comités, comisións e tribunais avaliadores no ámbito da investigación e a innovación deberán recibir un adestramento básico sobre a identificación dos posibles nesgos de xénero na avaliación."

Emenda nº19, ao apartado b), de Modificación. Artigo 2

Na letra b) onde di: "... paternidade, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo.", debe dicir: "... paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso."

Emenda nº20, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Na letra c) despois de: "... valores porcentuais, ..." débese engadir o seguinte texto: "... tendo en conta a porcentaxe de tempo de inactividade con respecto ao tempo total obxecto de avaliación, e ..."

Emenda nº21, ao apartado c), de Adición. Artigo 2

Na letra c), débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Con respecto ao tempo de inactividade por maternidade, cada fillo/a computará, como mínimo, como un ano, tempo ao que se sumarán outras posibles interrupcións nas que se puidese ter incorrido."



Emenda nº22, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 2

No artigo 2, débese engadir unha nova letra c) bis, que terá o seguinte contido:

c) bis. En ningún caso, poderá participar nin conceder ningún tipo de axuda a programas ou proxectos de investigación que sexan discriminatorios por razóns de sexo ou xénero."

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/05/2021 17:45:26



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI POLA QUE SE MODIFICA O
DECRETO LEXISLATIVO 2/2015 DO 12 DE FEBREIRO, POLO QUE SE
APROBA O TEXTO REFUNDIDO DAS DISPOSICIÓN LEGAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN MATERIA DE IGUALDADE,
PARA GARANTIR A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES NO
ÁMBITO UNIVERSITARIO GALEGO (NUM. EXPE. 11/PPL-000004).**

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Substitúese o contido do apartado c) do artigo 20 bis que queda redactado co seguinte texto:

"c) Nas distintas bases de convocatoria das axudas, establecerase o factor corrector que en cada caso corresponda para garantir a igualdade de oportunidades"

Emenda nº1, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Primeira. As medidas previstas no artigo 20 bis serán de aplicación nas convocatorias públicas transcorridos os tres meses seguintes á entrada en vigor da presente lei.

Emenda nº3, de Substitución. Exposición de motivos

Substitúese o texto da exposición de motivos que pasa a estar redactado como segue:

"O ordenamento xurídico galego establece na actualidade os principios de igualdade entre homes e mulleres e de non-discriminación por razón do xénero. Porén, no noso país persisten aínda discriminacións en todos os ámbitos da vida





social, cultural, laboral, económica e tamén no ámbito académico e da investigación.

Son múltiples os estudos que evidencian a pervivencia e reprodución das fendas de xénero, tanto verticais coma horizontais, na ciencia e na investigación. Discriminacións que resultan de se conxugaren, entre outros, dous fenómenos:

a) O *glass ceiling* ou «teito de vidro», segundo o cal as mulleres van avanzando posicións nas súas carreiras profesionais ata se atoparen cun teito ou barreira invisible que impide o seu progreso ata a cima.

b) O *leaky pipeline* ou «tubaxe que pinga», polo cal as mulleres van desaparecendo progresivamente, pinga a pinga, das carreiras científicas ás que van accedendo, polos obstáculos e pexas que atopan.

Neste contexto, hai tempo que os principais organismos de investigación e goberno, tanto galegos como estatais e internacionais, recoñecen que existen situacións de desvantaxe nos procesos competitivos de captación de contratos ou financiamento de proxectos relacionados co xénero e coas circunstancias derivadas da maternidade que poden ocasionar unha interrupción temporal na actividade e na carreira do persoal investigador e, en especial, das mulleres investigadoras.

As conclusións de numerosos traballos científicos de referencia internacional amosan as dificultades e pexas que as mulleres atopan ao longo da súa carreira investigadora e as desvantaxes e discriminacións que sofren fronte aos seus compañeiros homes. Estas dificultades tradúcense no feito de que a proporción de mulleres descende de maneira alarmante segundo se ascende na carreira investigadora.

Fronte a esta realidade, o Instituto Europeo para a Equidade de Xénero (EIGE, nas súas siglas en inglés) estableceu unha serie de recomendacións a respecto da carreira investigadora nas que insta a crear un marco legal e político e proporcionar ferramentas que eliminen as barreiras legais e de calquera outro tipo na contratación, retención e progresión da carreira das mulleres investigadoras.

Esta proposición de lei pretende, pois, introducir medidas reguladoras que garantan a igualdade de xénero no acceso ás convocatorias públicas de investigación nas universidades galegas, os organismos públicos de investigación de Galicia e outras entidades do sistema de I+D+i galego co obxectivo de evitar situacións de discriminación e vulneración dos principios de igualdade de trato e de oportunidades. Así mesmo, busca incorporar a perspectiva de xénero na universidade e na investigación, co fin de facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes.





Así pois, a proposición de lei consta de tres artigos dirixidos a apoiar, promover e visibilizar o traballo investigador das mulleres en Galicia e tamén a introducir mecanismos correctores e obxectivos nas convocatorias públicas de I+D+i para evitar a discriminación e/ou penalización das mulleres, e tamén dos homes, en casos de maternidade, paternidade ou permisos temporais asociados ao embarazo, coidado de dependentes e/ou lactación.

Coa finalidade de dotarnos de máis e mellores ferramentas para conseguir a plena igualdade formúlase a seguinte lei."

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 10/05/2021 18:22:27

Pedro Puy Fraga na data 10/05/2021 18:22:33



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGwNFw46ZWH3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

